

Descubriremos a lenda

Partindo de cinco motivos vinculados á noite de San Xoán, a fogueira, a busca das cancelas, a preparación do cacho de herbas, o desencantamento de moursas e os bailes ao sol, Carlos Labraña elabora unha obra de teatro para lectores e lectoras de arredor de seis anos que serve de pretexto para o autor expor de xeito moi didáctico e ameno todo o referente a esta tradición.

O autor que xa amosara a súa debilidade por estes temas e mais polo xénero dramático en *Indo* para o Samaín presenta agora nestas *Lendas da noite de San Xoán* dúas accións paralelas que conflúen no remate da obra. Así, temos por unha banda un grupo de nenos que andan a troulear e a gozar da noite de san Xoán ao xeito tradicional, e, por outra un pai que leva o seu fillo ao monte na procura de tesouros custodiados por moursas enfeitizadas. Os dous grupos atoparanse na cova que habitan unha mouro e a sombra que a vi-xía e só a solidariedade e o enxeño dos rapaces, fronte á avaricia amosada polo adulto conseguirán romper o feitizo que alí reclúe á moza. Os protagonistas viven aventuras ao tempo que descubren para quen le o san Xoán. Presentar seres fantásticos, rou-

Tempo de lumeiradas



PAULA FERNÁNDEZ



bar as cancelas e preparar o cacho son costumes que xa quedan moi lonxe para algúns nenos e nenas sobre todo nas cidades, mais este texto teatral correcto na escrita, acertado na súa exposición e na escolla dos centros

de interese, ao tempo que acerta do tamén na relación entre o contido didáctico e o desenvolvemento dos acontecementos literarios, esperta o interese de quen só coñece o feito da fogueira por saber máis sobre esta simbólica representación do deus Sol e polas posibles maneiras de liberarnos de feitizos e do mal de ollo.

Constitúe unha contribución importante para recuperar cuestións que durante séculos viviron ao abeiro das fogueiras e hoxe están case esquecidas, e presentalas baixo o xénero dramático é tamén significativo, dada a diferenza, sobre todo cuantitativa, existente entre as obras de teatro para nenos publicadas e as dos outros xéneros literarios. Se ben é certo que o Samaín foi recuperado, en gran medida grazas ao traballo levado a cabo por docentes, cando a súa situación era moito máis negativa, dado o descoñecemento e a presión de celebracións foráneas como o Halloween, debería resultar aínda máis doado facer patentes aspectos relacionados coa noite das cacharelas que sen dúbida aínda permanecen latentes nas mentes de moitos de nós.

LABRAÑA, Carlos, Lendas da noite de San Xoán (Ilustr. David Pintor), Ed. Everest, A Coruña, 2009, 35 páxinas